

MR701L

## Axudas Leader PEPAC 2023-2027

Procedemento dirixido a: Asociacións e ong, Empresas e profesionais, Entidades locais

 Convocatoria 2026 - Prazo pechado: 03/02/2026 00:00 - 06/04/2026 23:59

Apoio ao emprendemento

Consellería do Medio Rural

### Sobre o procedemento

#### Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común 2023-2027 de España (PEPAC), así como convocar as correspondentes ao ano 2026.

#### A quen vai dirixido?

En función das persoas beneficiarias, as operacións poderán clasificarse como:

a) Proxectos promovidos por entidades públicas de carácter local ou comarcal, en concreto:

- concellos,
- mancomunidades
- consorcios
- entidades dependentes das anteriores

b) Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, incluíndo nesta categoría ás comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9 /2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.

c) Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:

1º) Empregar menos de 50 persoas.

2º) Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

Para a definición de empresa, así como para o cálculo dos efectivos e importes financeiros desta, tomarase en consideración o disposto no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para as entidades beneficiarias das axudas a proxectos non produtivos regulados no artigo 16.

### A onde acudir

Xunta de Galicia Consellería do Medio Rural  
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)  
Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Lugar da Barcia, 56

15897 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Teléfono: 981547354

Email: [infoagader@xunta.es](mailto:infoagader@xunta.es)

<https://agader.xunta.gal/gl>

### Órgano responsable

Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

## Requisitos e documentación

### Prazo

Prazo de presentación: PECHADO

03/02/2026 00:00 - 06/04/2026 23:59

O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia.

De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

### Requisitos

Requisitos xerais das operacións subvencionables

1. Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva, as persoas beneficiarias dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
2. Este acordo establece as condicións «máximas» de elixibilidade, polo que, en aplicación da metodoloxía Leader e do enfoque «abaixo-arriba», serán subvencionables os proxectos que sexan seleccionados polos GDR, no marco das súas respectivas estratexias, por considerar que son as operacións que mellor deben contribuír ao desenvolvemento rural do territorio desde unha perspectiva innovadora e un enfoque multisectorial.
3. Con carácter xeral, as operacións subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
  - b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
  - c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal, autonómica e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
  - d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o

primeiro compromiso en firme para a petición dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior. Porén, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.

e) Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

## Documentación para a presentación

### Solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible (anexo II) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

### Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante e, de ser o caso, da representación do solicitante:

No caso de persoas xurídicas, esta acreditación realizarase mediante un certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos que correspondan en función da personalidade xurídica de que se trate, en que se identifique a constitución e a representación correspondente, con indicación do seu alcance e vixencia.

De non achegarse o dito certificado, deberán presentar copia das correspondentes escrituras de constitución e do poder de representación, debidamente inscritas no rexistro público que corresponda segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate. Así mesmo, deberán presentar as modificacións posteriores dos documentos indicados, así como a copia do NIF, no caso de denegar expresamente a súa consulta.

b) Declaración censal (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

- c) Documentación acreditativa de que se cumpre co requisito de ser pequena empresa: últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na cal figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual. De ser o caso, documentación de empresas vinculadas e/ou imposto sobre sociedades do último exercicio pechado.
- d) Informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa, correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Informe de vida laboral da/das conta/s de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos, correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.
- f) Memoria e resumo do proxecto en documento normalizado (anexo III Resumo do proxecto – plan de empresa– para proxectos produtivos, e anexo IV Resumo do proxecto –plan de xestión– para proxectos non produtivos), no cal se reflicta a situación de partida, os obxectivos que se perseguen coa súa posta en marcha e a metodoloxía de traballo, así como as explicacións necesarias para a correcta comprensión do proxecto. O solicitante debe ter en conta que esta información vai ser tomada en consideración para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para aplicar os criterios de selección que o GDR teña aprobados.
- g) Orzamento de gastos, desagregados por partidas e conceptos, necesarios para a execución do proxecto (anexo V Orzamento de gastos desagregados por partidas).
- h) Relación de ofertas solicitadas e elixidas, nos termos indicados no artigo 20 deste acordo, segundo os documentos normalizados (anexo VI-A Relación de ofertas solicitadas e elixidas, e anexo VI-B Declaración sobre as ofertas solicitadas e elixidas). Acompañarase esta relación de tres orzamentos ou facturas pro forma, correspondentes a distintos provedores, para cada un dos gastos propostos, ou, de ser o caso, memoria xustificativa.
- i) Documentación acreditativa da non suxeición ou exención do IVE, de modo que se constate que é efectivamente soportado pola persoa beneficiaria e non recuperable, de ser o caso.
- j) Código de explotación agraria, no suposto de investimentos no sector da produción agraria primaria, ou, na súa falta, rexistro oficial que corresponda á explotación agraria.
- k) Plano do Sixpac indicando as coordenadas da localización da operación.
- l) No caso de empresas xa existentes, declaración responsable de que conta con licenza de actividade, ou, de ser o caso, coa comunicación previa establecida no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- m) No caso de que unha operación inclúa obra civil, anteprojecto ou memoria valorada, que inclúa orzamento desagregado, indicando unidades de obra, medicións, prezos unitarios e descompostos, asinado por técnico competente na materia.

n) No caso de que unha operación inclúa a adquisición de maquinaria ou equipamento, declaración responsable da inexistencia desta, ou, de ser unha substitución, que a nova adquisición corresponde a equipamentos ou maquinaria diferenciada dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25 %, que deberá xustificarse achegando un informe dun técnico competente ou dun organismo debidamente autorizado.

ñ) No caso de proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, informe de catalogación e solicitude de autorización da intervención ao departamento da Xunta competente na materia.

o) Certificado do cumprimento dos prazos de pagamento a provedores en cumprimento da Lei 3 /2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a loita da morosidade en operacións comerciais, de ser o caso.

p) Calquera outra documentación ou información adicional que o interesado considere de interese para unha mellor análise e valoración do proxecto.

Os modelos normalizados necesarios para a presentación da documentación referida incorpóranse a este acordo como anexos II a XV.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada para a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vai a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa física solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante.

d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.

f) Certificado acreditativo de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Certificado da renda (IRPF), da persoa física solicitante, correspondente ao último exercicio fiscal pechado.

h) Consulta de axudas e subvenciónsdeminimisampliado, consulta de concesións ampliado e consulta de axudas de estado.

i) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Trámites administrativos posteriores

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## Despois de presentar

### Resolución

Prazo de resolución:

Nove meses

Sentido do silencio:

Negativo

Unha vez presentado este trámite pode consultar o seu expediente en "A miña sede"

## Normativa

### Normativa

- **ÁmbitoAutonómico**
  - Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 21 do 02 de febreiro de 2026).

Ligazón á normativa

- Extracto da Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 21 do 02 de febreiro de 2026).

Ligazón á normativa